

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 24/5002

### Feitos

Con data do 25/10/2024, o director da ETS de Náutica e Máquinas e presidente da comisión de selección da praza 24/5002 de profesor/a asociado/a (convocada por Resolución reitoral do 8 de agosto de 2024), Manuel Romero Gómez, comunica que incorre con algún candidato en conflito de intereses dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso as corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

### Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establece o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, no poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do presidente da comisión de selección.

Este reitorado é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispoñe a substitución, para a comisión da praza indicada, de Manuel Romero Gómez por Ángel Martín Costa Rial, subdirector do centro.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	83h0taNo0mFeRlTZzfXKSQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	28/10/2024 14:33:00
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/83h0taNo0mFeRlTZzfXKSQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/83h0taNo0mFeRlTZzfXKSQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

